

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111KD	<i>Expediente</i> CON/3/2017	<i>Fecha</i> 24-07-17 09:59

Número 71 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación relativa á adxudicación do servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 21 de xullo de 2017 , previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 71 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INNOVACIÓN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA INFRAESTRUCTURA DE SERVIDORES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 4 de xullo de 2017, do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/552 de data 17.7.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e innovación, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 23/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1111KD	CON/3/2017	24-07-17 09:59

EXPÓN:

Primeiro: Con data 13 de xuño de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador UNITRONICS COMUNICACION SA.

Segundo: Con data 4 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ALTIA CONSULTORES SA por incumplir os requirimentos do prego técnico de aplicación, que, ó definir o equipo de traballo, esixe que, para o servizo DBA éste, no seu conxunto, conte coas certificacións de fabricante OCA, OCP e OCE, cando o licitador manifesta expresamente na súa oferta que conta unicamente coa certificación OCE.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa UNITRONICS COMUNICACION SA (CIF: A81356313), por un importe de **61.954,17 euros/ano** (IVE aparte 21%: 13.010,38 euros), ó ser a súa a oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 92001 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 31.235'23 euros.
Anualidade 2018: 74.964'55 euros.
Anualidade 2019: 43.729'32 euros."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1111KD	CON/3/2017	24-07-17 09:59

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ALTIA CONSULTORES SA por incumprir os requirimentos do prego técnico de aplicación, que, ao definir o equipo de traballo, esixe que, para o servizo DBA éste, no seu conxunto, conte coas certificacións de fabricante OCA, OCP e OCE, cando o licitador manifesta expresamente na súa oferta que conta unicamente coa certificación OCE.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa UNITRONICS COMUNICACION SA (CIF: A81356313), por un importe de **61.954,17 euros/ano** (IVE aparte 21%: 13.010,38 euros), ao ser a súa a oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 010 92001 22799, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 31.235'23 euros.
Anualidade 2018: 74.964'55 euros.
Anualidade 2019: 43.729'32 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

